

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **TUI**

#### **Persoal, oposicións**

*PROCESOS SELECTIVOS PARA CONSTITUCIÓN DE LISTAS DE RESERVA DE ARQUITECTO, TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, TRABALLADOR SOCIAL E AUXILIAR ADMINISTRATIVO*

### **PROCESOS DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DE LISTAXES DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA EN VARIAS PRAZAS PARA O CONCELLO DE TUI**

1. CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DA PRAZA DE ARQUITECTO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ENCADRADA NO GRUPO A-1. PROCESO EXPEDIENTE 1452/2018

Con data 26 de xuño de 2018, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a formación dunha listaxe de reserva para a provisión interina da praza de arquitecto da escala de administración especial, encadrada no grupo A, subgrupo A-1.

2. CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, ENCADRADA NO GRUPO A SUBGRUPO A-1. PROCESO EXPEDIENTE 1454/2018

Con data 26 de xuño de 2018, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a formación dunha listaxe de reserva para a provisión interina da praza de técnico de administración xeral, encadrada no grupo A, subgrupo A-1.

3. CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DA PRAZA DE TRABALLADOR SOCIAL, ENCADRADA NO GRUPO A SUBGRUPO A-2. PROCESO EXPEDIENTE 1455/2018

Con data 26 de xuño de 2018, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a formación dunha listaxe de reserva para a provisión interina da praza de traballador social, encadrada no grupo A, subgrupo A-2.

4. CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ENCADRADA NO GRUPO C SUBGRUPO C-2. PROCESO EXPEDIENTE 1456/2018

Con data 26 de xuño de 2018, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as Bases de selección para a formación dunha listaxe de reserva para a provisión interina da praza de auxiliar administrativo, encadrada no grupo C, subgrupo C-2.



Venres, 6 de xullo de 2018

Núm. 130

As instancias polas que se solicita formar parte en cada proceso selectivo, dirixiranse ao alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco días naturais**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal> ) e na súa páxina web, [www.concellotui.org](http://www.concellotui.org).

Tui, a data da sinatura dixital a marxe.

O Alcalde

*Carlos Vázquez Padín*

